

METODOLOXÍA XERAL NA ELABORACIÓN DO MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO DE GALICIA

1.1. Metodoloxía

A metodoloxía seguida nesta fase do MSG apóiase esencialmente na enquisa previa ensaiada na zona de Ferrol, aínda que, obviamente, incorpóranse no estudio definitivo elementos importantes que non eran necesarios no previo, como son os criterios para establecer unidades de representatividade, clasificalos concellos, etc. Esta metodoloxía debía axeitarse ó tipo de datos e ó tamaño da mostra que íamos utilizar, Ademais de elaboralo cuestionario que aparece incluído como apéndice¹, tiñamos que deseñar unha mostra repre-

¹ Unha primeira versión deste cuestionario foi probada na enquisa piloto da zona de Ferrol, e aparece recollida como apéndice a Fernández Rodríguez, Mauro A. e Modesto A. Rodríguez Neira (coords.). 1993. Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá. A Coruña. Real Academia Galega. O cuestionario que o lector pode atopar como apéndice 3 a este volume é unha evolución daquel, tras reduci-lo número de cuestións, pecha-las preguntas abertas, modificar algunhas alternativas de resposta ou o tipo de escala, e homoxeneizar o máis posible as posibilidades de resposta dunha mesma batería (a de usos, competencia, actitudes, etc.), coa finalidade de facilitar a comparación dos resultados.

sentativa da poboación de Galicia e decidir unha unidade de representatividade (concello, provincia, Galicia como conxunto)². A formulación inicial consistía na obtención dunha mostra estatisticamente significativa cunha marxe de erro máxima do $\pm 3\%$ e un nivel mínimo de confianza do 95% para os trescentos trece concellos de Galicia. Supoñendo o estudio dunha variable cualitativa igualmente distribuída, estas especificacións esixían unha mostra dunhas mil entrevistas por concello, obviamente inviable desde o punto de vista económico. Unha vez consideradas as disponibilidades económicas, as esixencias de tempo e esforzo que impoñía o cuestionario, así como o desexo de operar cunha unidade de representación menor cá provincia, tomouse a decisión de agrupa-los concellos noutras entidades máis amplas, denominadas sectores, que responden a criterios que a seguir detallamos.

Logo dunha análise do obxectivo da investigación, e contando coa realización do referido inquérito piloto, observouse que a competencia, as actitudes e os usos lingüísticos non dependen tanto da situación xeográfica do concello coma do tipo de hábitat e da estrutura económica do mesmo (urbano/rural, industrial/agrario, etc). De aí que se optase por agrupa-los concellos en sectores de acordo co número de habitantes e coa porcentaxe de ocupados en cada sector económico. Segundo o número de habitantes, diferenciamos cinco categorías:

- Concellos con menos de 5.000 habitantes maiores de quince anos.
- Concellos con 5.000 ou máis habitantes e menos de 10.000 maiores de quince anos.
- Concellos con 10.000 ou máis habitantes e menos de 50.000 maiores de quince anos.
- Concellos con 50.000 ou máis habitantes maiores de quince anos (coinciden cos das sete grandes cidades galegas).

Os únicos sectores que se corresponden cun só concello e que se investigaron por separado foron os correspondentes ás sete cidades: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Vigo e Pontevedra.

² O deseño da mostra foi realizado polo profesor Eduardo J. Pis, do Departamento de Econometría e Métodos Cuantitativos da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo a porcentaxe de poboación ocupada en cada sector económico, establecemos tres categorías:

- Concellos con máis do 33% da poboación na agricultura e na enerxía.
- Concellos con máis do 33% da poboación en industria e construción, ou máis do 33% nos servizos.
- Concellos que cumpren ámbolos dous criterios.

Aínda que a proximidade territorial non foi considerada relevante, respectáronse as divisións provinciais, de xeito que os sectores agrupasen só concellos da mesma provincia.

Cando se elaborou o primeiro volume do MSG, os datos do *Censo de Poboación e Vivendas* de 1991 aínda non se fixeran públicos, polo que, dada a necesidade de ter información sobre a distribución de ocupados a nivel municipal, vímonos obrigados a traballar co de 1981. Para a realización do segundo e do terceiro volume, a mostra de cada concello foi actualizada tomando como base a poboación maior de quince anos que figura no censo de 1991.

A aplicación destes criterios levou a establecer 34 sectores. Tipoloxicamente son os seguintes:

Tamaño do concello	Máis do 33% da poboación ocupada na agricultura e enerxía	Máis do 33% da poboación ocupada na industria e construción, ou máis do 33% en servizos	Cumprimento conxunto dos dous criterios anteriores
50.000 ou máis habitantes maiores de quince anos		1, 2, 3, 12, 18, 24, 26	
De 10.000 a 49.999 habitantes maiores de quince anos	27	4, 13, 25	5, 28
De 5.000 a 9.999 habitantes maiores de quince anos	7, 14, 20, 30	6, 19, 29	8, 15, 31
Menores de 5.000 habitantes maiores de quince anos	10, 16, 22, 33	9, 21, 32	11, 17, 23, 34

Para cada un destes sectores estableceuse o tamaño mostralo necesario para obter, como xa dixemos, resultados cunha marxe de erro máxima do $\pm 3\%$ e un nivel de confianza do 95%. A seguir ofrecémo-la relación de concellos agrupados en cada sector. O tamaño mostralo de cada un deles figura entre parénteses:

Sector 1 (A Coruña, 1170) A Coruña	Baña, A Brión Camariñas Cedeira Cerceda Coristanco Malpica Melide Muxía Negreira Ordes Ortigueira Outes Ponteceso Pontes, As Porto do Son Rianxo Santa Comba Noia Valdoviño Vimianzo Zas	Cerdido Cesuras Curtis Dumbría Fisterra Frades Irixoa Laxe Lousame Mañón Mazaricos Mesía Moeche Monfero Oroso Oza dos Ríos Paderne Pino, O Roís San Sadurniño Santiso Sobrado Somozas Toques Tordoia Touro Trazo Val do Dubra Vedra Vilarmador Vilasantar
Sector 2 (Santiago, 1153) Santiago		
Sector 3 (Ferrol, 1155) Ferrol		
Sector 4 (Coruña-4, 1095) Arteixo Carballo Fene Narón Noia Oleiros		
Sector 5 (Coruña-5, 1071) Boiro Ribeira	Sector 8 (Coruña-8, 1056) Cabana Laracha Padrón	
Sector 6 (Coruña-6, 1096) Betanzos Cambre Carnota Cee Culleredo Mugardos Muros Neda Pobra do Caramiñal Pontedeume Sada Teo	Sector 9 (Coruña-9, 1032) Ares Bergondo Cabanas Corcubión Dodro	Sector 11 (Coruña-11, 795) Coirós Miño
Sector 7 (Coruña-7, 1103) Ames Arzúa	Sector 10 (Coruña-10, 1742) Abegondo Aranga Boimorto Boqueixón Capela, A Cariño Carral	Sector 12 (Lugo, 1152) Lugo
		Sector 13 (Lugo-2, 1068) Monforte Viveiro

Sector 14 (Lugo-3, 1099) Castro de Rei Chantada Cospeito Fonsagrada, A Guitiriz Mondoñedo Palas de Rei Pantón Sarria Saviñao, O Taboada Vilalba	Pedrafita Pol Pontenova, A Portomarín Quiroga Ribas de Sil Ribeira de Piquín Riotorto Samos Sober Trabada Triacastela Valadouro, O Vicedo Xermade	Baños de Molgas Beade Beariz Blancos, Os Boborás Bola, A Bolo, O Calvos de Randín Carballeda de Avia Cartelle Castrelo de Miño Castrelo do Val Castro Caldeas Cenlle Chandrexa de Queixa Cualedro Entrimo Esgos Gomesende Larouco Laza Leiro Lobeira Lobios Maceda Manzaneda Maside Melón Merca, A Montederramo Monterrei Muíños Negueira de Ramuín Oímbra Parada de Sil Pereiro de Aguiar Peroxa, A Petín Pobra de Trives Pontedeua Porqueira, A Punxín Quintela de Leirado Rairiz de Veiga Ramirás Río Riós San Amaro San Cristovo de Cea Sandiás Teixeira, A Toén Trasmirás
Sector 15 (Lugo-4, 1054) Cervo Foz Ribadeo	Sector 17 (Lugo-6, 665) Meira Rábade Xove	
Sector 16 (Lugo-5, 1775) Abadín Alfoz Antas de Ulla Baleira Baralla Barreiros Becerreá Begonte Bóveda Carballedo Castroverde Cervantes Corgo, O Folgo do Courel Friol Guntín Incio, O Láncara Lourenzá Monterroso Muras Navia de Suarna Negueira de Muñiz Nogais, As Ouro Outeiro de Rei Pobra de Brollón Paradela Páramo Pastoriza	Sector 18 (Ourense, 1157) Ourense	
	Sector 19 (Ourense-2, 1070) Barco, O Carballiño, O Ribadavia Verín	
	Sector 20 (Ourense-3, 1053) Celanova Viana do Bolo Xinzo de Limia	
	Sector 21 (Ourense-4, 964) Amoeiro Carballeda Rúa, A Rubí	
	Sector 22 (Ourense-5, 2022) Allariz Arnoia Avión Baltar Bande	

Veiga, A	Sector 27	Baiona
Verea	(Pontevedra-4, 1094)	Covelo
Vilamarín	Cangas	Forcarei
Vilamartín de Valdeorras	Estrada, A	
Vilar de Barrio	Lalín	Sector 32
Vilar de Santos	Ponteareas	(Pontevedra-9, 1029)
Vilardevós	Vilanova de Arousa	Catoira
Vilariño de Conso		Cuntis
Xunqueira de Ambía	Sector 28	Mondariz Balneario
	(Pontevedra-5, 1069)	Pontecesures
Sector 23	Marín	Soutomaior
(Ourense-6, 1074)	Moaña	
Barbadás		Sector 33
Coles		(Pontevedra-10, 1384)
Cortegada	Sector 29	Agolada
Gudiña, A	(Pontevedra-6, 1086)	Arbo
Irixo, O	Gondomar	Campo Lameiro
Mezquita, A	Grove, O	Cerdedo
Paderne de Allariz	Mos	Cotobade
Padrenda	Nigrán	Crecente
Piñor	Poio	Dozón
San Cibrao das Viñas	Porriño, O	Fornelos de Montes
Sarreaus		Lama, A
Taboadela	Sector 30	Meis
Xunqueira de Espadanedo	(Pontevedra-7, 1097)	Moraña
	Bueu	Neves, As
	Caldas de Reis	Oia
Sector 24	Cambados	Pazos de Borbén
(Vigo, 1170)	Cañiza, A	Portas
Vigo	Guarda, A	Ribadumia
	Monclarez	Rodeiro
Sector 25	Pontecaldelas	
(Pontevedra-2, 1088)	Salvaterra de Miño	Sector 34
Redondela	Sanxenxo	(Pontevedra-11, 1034)
Tui	Silleda	Barro
Vilagarcía de Arousa	Tomiño	Meaño
	Vila de Cruces	Rosal, O
Sector 26		Salceda de Caselas
(Pontevedra, 1146)	Sector 31	Valga
Pontevedra	(Pontevedra-8, 1049)	Vilaboa

A mostra foi repartida entre os distintos concellos de forma proporcional ó seu peso demográfico no sector ó que pertencen. Dentro de cada concello estratificouse por cotas proporcionais a grupos de idade e sexo. As agrupacións por idade que se tiveron en conta foron as seguintes:

- | | |
|--------------|-------------------|
| - De 16 a 19 | - De 50 a 59 |
| - De 20 a 29 | - De 60 a 64 |
| - De 30 a 39 | - De 65 en diante |
| - De 40 a 49 | |

Houbo dúas razóns fundamentais polas que se decidiu entrevistar individuos de 16 anos ou máis. A primeira é que a esta idade adoitan comezar a configurarse as propias tendencias de uso e a afirmárense as actitudes persoais, amosando conductas lingüísticas e opinións máis consolidadas e menos influídas ca na etapa infantil. A segunda é que o grupo de poboación menor de 16 anos é o máis estudiado ata o momento, polo que decidimos centrarnos exclusivamente na poboación adulta.

Na preparación dos datos para a súa análise estatística distinguíronse oito tipos de hábitat³ dentro de Galicia (que tentaban dar conta das diversas posibilidades do hábitat de nacemento e residencia): 'urbano I', 'urbano II', 'periurbano', 'vilas I', 'vilas II', 'vilas III', 'rural I' e 'rural II'. No primeiro incluíronse os núcleos de poboación de máis de 125.000 habitantes (Vigo e A Coruña). O 'urbano II' constitúeno os núcleos de poboación comprendidos entre 40.000 e 124.999 habitantes (as outras cinco cidades de Galicia). O 'periurbano' comprende os núcleos xeograficamente distanciados da cabeceira en concellos onde esta foi considerada 'urbano I' ou 'urbano II', pero que presentan unha forte dependencia dos núcleos urbanos⁴. Os tres tipos de vilas distinguíronse segundo o número de habitantes nos seus núcleos: 'vila I', de 10.000 a 39.999 habitantes, 'vila II', de 5.000 a 9.999 habitantes e 'vila III', de 2.000 a 4.999. O 'rural I' caracterízase por comprender núcleos de menos de 2.000 habitantes e porque presenta trazos propios dos núcleos urbanos (rúas, prazas, rede de sumidoiros, bancos, etc.). O 'rural II' comprende núcleos de menos de 2.000 habitantes con asentamento disperso.

Aínda que o hábitat de residencia do entrevistado non foi escollido como cota para a distribución de enquisas por concello, tentamos que nesa distribución o peso de cada tipo de hábitat en cada un dos concellos se aproximase no posible á realidade demográfica de cada lugar mediante a realización de entrevistas en diferentes seccións censais. Este feito complicou algo máis o seguimento de certas

³ Esta categorización do hábitat non se corresponde coa realizada para agrupar os concellos en sectores, xa que a súa finalidade tampouco é a mesma.

⁴ O periurbano ó que nos referimos na presente investigación corresponde a estruturas rurais dispersas existentes nos sectores urbanos. Isto é o que explica que nalgúns casos os resultados deste hábitat estean máis en consonancia co rural que co urbano.

rutas pero, unha vez solventada a dificultade, contribuíu a reafirmar a validez da mostra.

As restantes variables de identificación sociolóxica do entrevistado tratámolas nos seguintes epígrafes, dado que non se tiveron en conta na distribución da mostra. Non cabe dúbida de que Galicia é un país onde as diferentes categorizacións das variables sociais deben usarse de forma cautelosa, especialmente a de clase social. Sen embargo, dado que polo de agora non contamos con categorizacións máis útiles, debemos empregar estas para aprehende-la realidade á que nos enfrontamos, comprobando a súa eficacia coas diferentes análises que realizamos e mantendo tódalas reservas necesarias.

Esta é a ficha técnica do inquérito realizado:

Ficha técnica

Para cada un dos sectores pode resumirse como segue:

Universo: Poboación de 16 ou máis anos residente en Galicia.

Sectores: Agrupáronse os concellos de cada unha das provincias galegas de acordo con criterios de tamaño do concello e porcentaxe de poboación ocupada nas distintas actividades económicas. Cada un dos concellos correspondentes ás sete grandes cidades considérase un sector. O número total de agrupacións é de 34.

Erro de mostraxe: Erro máximo probable do $\pm 3\%$ para unha característica cualitativa dicotómica con máxima dispersión (proporción igual a 0.5) e un nivel de confianza do 95%.

Tamaño mostral: Dentro de cada sector oscila entre as 665 entrevistas da mostra máis pequena e as 2.022 da máis grande, encontrándose a maioría arredor das 1.000. O tamaño total é de 38.897 entrevistas. Dentro de cada sector a mostra repartíuse de xeito proporcional entre os concellos que a integran, e asignáronse cotas por grupos de idade e de sexo.

Para o conxunto de Galicia a marxe de erro é do $\pm 0.62\%$ para un nivel de confianza do 95%.

1.2. O cuestionario

Igual ca na fase provisional, o método utilizado foi a *entrevista guiada*⁴ a través dun cuestionario, no que tódalas preguntas, salvo a idade do entrevistado, a súa profesión e a de seus pais, eran pechadas e na maior parte dos casos con baterías categóricas. As preguntas abertas recodificáronse posteriormente co fin de facilita-lo seu tratamento informático e estatístico. Neste volume presentámo-lo cuestionario no apéndice 3 co mesmo formato co que foi aplicado.

O cuestionario definitivo comprendía 148 preguntas (aínda que o entrevistado non tiña que contestar todas elas), resultado final do proceso de depuración e perfeccionamento do cuestionario-piloto xa comentado anteriormente. Debido a que moitas destas preguntas se subdividían en varias, o número de variables obtido foi de 170. Estes son os aspectos que pretendemos abordar con el:

1. Datos de identificación persoal do entrevistado: nome, lugar de nacemento e de residencia, sexo, idade, profesión, estudos, etc.
2. Competencia lingüística: dominio do galego do entrevistado e da súa familia.
3. Historia (socio)lingüística do entrevistado: lingua inicial, lingua empregada no ámbito escolar, lingua/s usada/s polos familiares máis próximos.
4. Usos lingüísticos do entrevistado en distintas situacións: no medio familiar, cos amigos, no traballo, na Administración, etc.

⁴ Escollémo-lo termo *entrevista guiada*, dado que nin o de entrevista nin o de enquisa expresan con propiedade o método empregado. O entrevistador interrogaba o informante seguindo o cuestionario, e nalgúns ocasións mantiña exactamente a formulación que as preguntas tiñan nel, como é o caso das preguntas sobre actitudes. O esforzo do informante reduciuse facilitándolle cartóns coas posibilidades de resposta. Sen embargo, a lonxitude do cuestionario e certa clase de información requirida non aconsellaban un interrogatorio continuo e sistemático, senón unha interacción a medio camiño entre o «interrogatorio» e o diálogo, apoiado no cuestionario. Ademais, algunhas respostas tiñan que ser adscritas polo entrevistador a unha das categorías de acordo co que podía ser considerado o seu contido máis relevante. O cuestionario da fase previa apoiábase no entrevistador aínda máis, xa que contiña moitas preguntas abertas que no definitivo aparecen pechadas.

5. Actitudes e prexuízos lingüísticos: sobre o uso do galego en diferentes espazos, sobre a utilidade do galego en relación co castelán, sobre o aumento do uso do galego, sobre os galegofalantes e os castelanfalantes, etc.
6. Conciencia sociolingüística do entrevistado: lingua habitual da xente nova, futuro das linguas en Galicia, grao de uso do galego en diferentes momentos do último medio século, etc.
7. Cuestións de control (cubertas polo entrevistador).
8. Outras.

Procurouse que o cuestionario contemplase non só os aspectos sociolingüísticos descritivos da competencia, usos, actitudes e crenzas do entrevistado, senón tamén outros que, non estando directamente relacionados con el, ou sendo mesmo marxinais, axudasen a xustificar a competencia e a interpretar a conducta e as actitudes lingüísticas dos entrevistados⁶.

Considerouse que as características do lugar de nacemento (ciudades, vilas ou aldeas) e o enclave xeográfico do mesmo (interior, costa ou montaña) podían incidir de forma distinta na competencia, usos e actitudes cara ó galego, dadas as diferentes relacións socioeconómicas predominantes en cada un deles. Así mesmo, prestóuselle atención a que o entrevistado fose natural de Galicia ou vivise algún tempo fóra, sen esquecer as características lingüísticas dese lugar de residencia, xa que vivir en comunidades onde existise unha situación de contacto lingüístico podía predispoñer-lo entrevistado a responder de forma distinta ca se non vivise nesas circunstancias.

Así mesmo, introducíronse preguntas destinadas a coñecer os datos lingüísticos de catro xeracións (avós, pais, entrevistado e fillos do entrevistado) e poder analizar a evolución do uso das linguas, diferenciando na pescuda entre os dous sexos por se esta variable tiña algunha incidencia⁷. Atendendo á evolución lingüística do propio entrevistado, incluíronse preguntas sobre os usos en catro períodos da súa vida nos que acostuman producirse cambios persoais que poden favorecer unha variación no emprego das linguas e nas actitudes cara ás

⁶ Exemplo destas últimas son as preguntas 76, 77, 78, 88... (vid. apéndice 3).

⁷ Non só incidencia no uso, senón tamén na competencia e nas actitudes.

mesmas. Para dar conta da diversidade no uso diario das linguas, introducíronse cuestións que abordaban o cambio de lingua en distintas situacións (no traballo, cos amigos, coa parella, cos veciños, nas dependencias administrativas, etc.) e tamén a tendencia á converxencia ou á diverxencia de lingua cando o entrevistado está nun grupo onde se fala un idioma distinto da súa lingua habitual.

Respecto ás actitudes lingüísticas, considerouse fundamental investigar a opinión dos entrevistados sobre a inclusión do galego en ámbitos formais nos que ata hai pouco tiña unha presenza moi escasa (nun contrato laboral, nun pleito, nos actos relixiosos, nos medios de comunicación, na escola, etc.) e a súa valoración, en relación co castelán, para realizar certas actividades como explicar determinadas materias, tanto no pasado escolar do entrevistado coma no presente. Tamén se tratou de comproba-la existencia ou inexistencia de prexuízos cara ós usuarios do galego (posibilidades de ascenso social, calidades estéticas do galego, etc.) en tanto variables que poden gardar certa relación coa conducta lingüística adoptada en determinados ámbitos sociais⁸.

A seguir pasamos a falar das variables de identificación persoal do entrevistado, aínda que algunhas delas (sexo, idade e hábitat de nacemento e de residencia) xa foron tratadas en parte anteriormente.

O que pretendiamos coa recollida das diferentes categorías de idade e de hábitat de nacemento e residencia xa sinaladas, era dispoñer dunha información o máis detallada e precisa posible, sen impedimento de que máis tarde, por necesidades de operatividade, manexabilidade e capacidade de análise, todas esas categorías fosen agrupadas doutro xeito. En canto á idade, a agrupación máis frecuente corresponde ás categorías seguintes:

1. de 16 a 25 anos
2. de 26 a 40 anos
3. de 41 a 65 anos
4. máis de 65 anos

⁸ As respostas dos entrevistados a moitas das preguntas non teñen por qué coincidir exactamente coa realidade. Isto é algo que poucas veces se subliña. Co cuestionario indagamos cómo cre o entrevistado que son as cousas, non necesariamente cómo en realidade son. É un risco que se debe reducir coa formulación das preguntas e coa forma en que o entrevistador guía a enquisa.

Sen embargo, esta agrupación fíxose en ocasións de xeito máis detallado, aproveitando o feito de que se recolleu a idade exacta do entrevistado e posteriormente se codificou numericamente.

Tamén o hábitat foi agrupado de diferentes formas segundo as esixencias de cada análise; neste caso a modificación só se podía facer mediante a agrupación das categorías previamente establecidas, xa que os individuos foran clasificados nalgunha delas desde un principio e non admitían readscripción coma no caso da idade. Unha das agrupacións máis habituais que empregamos foi a de 'urbano', 'periurbano', 'vila', 'rural-1' e 'rural-2'. No presente volume ocasionalmente agrupámo-lo 'periurbano' co 'urbano' e o 'rural-1' co 'rural-2' (cf. os estudos de Galicia como unidade en cada epígrafe). Cómpre subliñar que en cada sector aparece un número moi limitado de tipos de hábitat que o definen, xa que ó establece-las rutas de entrevista reflectimos no posible o peso real de cada hábitat en cada concello: por iso son poucos os casos en que as frecuencias resultantes dos cruzamentos non permiten tirar conclusións.

A clasificación das profesións foi quizais a máis laboriosa das feitas coas variables de identificación social do entrevistado. En principio, empregamos unha ampla variedade de categorías para a profesión do entrevistado, que se viu reducida para as do pai e da nai⁹. Dado que ó realiza-los cruzamentos se atopaban frecuencias moi baixas na maior parte das celas, a dificultade de operar con tal número de profesións fixo que fosen recodificadas nas seguintes:

1. Empresarios da industria, comercio, minería, pesca, construción, transportes e servicios autónomos.
2. Persoal de titulación superior ou media.
3. Profesións liberais.
4. Docentes.
5. Forzas armadas.
6. Funcionarios e empregados da administración estatal, autonómica e local.
7. Persoal de servicios.
8. Autónomos.

⁹ Evidentemente, o obxecto da análise é o entrevistado, non seus pais, de aí esta redución.

9. Labradores.
10. Mariñeiros.
11. Obreiros.
12. Estudiantes.
13. Amas de casa.
14. Persoas sen primeiro emprego.

Pese a isto, na maior parte das ocasións só puidemos obter información relevante dalgunhas das profesións ó agrupalas en grandes categorías. Aínda que non se poidan elaborar gráficos significativos nin tirar conclusións de tódolos grupos diferenciados, quizais resulten ilustrativas as tendencias das profesións que máis abundan nos distintos sectores (amas de casa, estudantes, labradores, mariñeiros, etc.) mediante a observación das frecuencias. Por iso nos pareceu necesario incluí-los cruzamentos con esta variable en moitas das táboas realizadas, aínda que non fose factible nos gráficos.

A clase social é unha variable sociolóxica complexa e sumamente difícil de delimitar. A pesar destas dificultades, decidimos incluí-la debido á súa utilización case constante na investigación sociolingüística. Neste estudo foi o entrevistador quen estableceu a clase social dos entrevistados, tendo en conta a profesión, os estudos e o nivel de ingresos declarado, así como o medio residencial observado. As clases sociais que se estableceron foron as seguintes:

- Baixa.
- Media-baixa.
- Media.
- Media-alta.
- Alta.

Posteriormente, a alta foi agrupada coa media-alta debido ó baixo número de entrevistados adscritos a aquela.

Polo que atinxe ó nivel de estudos do entrevistado, diferenciamos oito categorías:

- Ningún.
- Primarios incompletos.
- Primarios completos.
- Formación profesional (FP).

- Bacharelato (BUP e COU).
- Carreira universitaria de grao medio.
- Carreira universitaria de grao superior.
- Outros estudos.

Polas mesmas razóns de operatividade ca no caso das variables sociolóxicas ata agora tratadas, estas categorías foron recodificadas a maior parte das veces en cinco:

1. Ningún.
2. Primarios (completos e incompletos).
3. Secundarios (Bacharelato e FP).
4. Universitarios (de grao medio e superior).
5. Outros.

As entrevistas foron realizadas entre abril e setembro de 1992, seguindo o método de rutas aleatorias da fase provisional, e supervisadas entre abril e decembro do mesmo ano.

1.3. O sistema de rutas aleatorias

O método seguido para garanti-la aleatoriedade da selección de entrevistas foi o de rutas aleatorias. Con este método, cada ruta vén determinada por un punto de partida, un número de entrevistas a realizar (entre 10 e 15 en núcleos urbanos e un máximo de 10 no rural) e unhas cotas de idade e sexo a cubrir. A elección do hábitat cóbrese coa selección do punto de partida de cada unha das rutas dun concello. A partir de aquí, o entrevistador ten que seguir unhas pautas xa marcadas para escolle-lo edificio, a vivenda e os individuos, e que favorecen a aleatoriedade precisamente por viren pre-determinadas.

O trazado das rutas varía dependendo da estrutura poboacional do núcleo no que se traballa. O primeiro edificio seleccionado é o do punto de partida. Se un edificio ten varias escaleiras, cada unha considérase coma un edificio independente. Os edificios públicos, hosteleiros, de oficinas, ou que sirvan de vivenda colectiva (residencias, cuarteis, etc.), consideráronse como inexistentes ó seguí-la ruta. Xa que logo, só son válidos aqueles que teñan vivendas (en parte ou totalmente).

En núcleos con estrutura urbana, o entrevistador avanza desde o punto de partida no sentido dos enderezos con maior numeración. Cando chega a un cruzamento de rúas, xirará alternativamente á dereita e á esquerda avanzando en zig-zag de rúa en rúa (unha bifurcación de rúas será considerada tamén como un cruzamento). A ruta constitúea a beirarrúa esquerda de cada rúa percorrida (véxase a figura 1). No caso de chegar a unha praza, descampado, vía de ferrocarril, ou a un valado extenso, seguirase a ruta no sentido pertinente e saírase da praza no punto máis próximo posible (véxase a figura 2).




Figura 1




Figura 2

Cando o núcleo onde se traballa é rural de tipo disperso, a ruta seguirase en espiral desde o punto de partida e no sentido das agullas do reloxo. A espiral irá de fóra cara a dentro ou á inversa dependendo de se o punto de partida está na parte externa ou na interna do núcleo (véxanse as figuras 3 e 4). Se nos atopamos nun núcleo rural de estrutura lineal, avanzamos en zig-zag dunha beirarrúa a outra, e sempre no sentido dos enderezos con numeración progresivamente máis elevada (véxase a figura 5).




Figura 3




Figura 4




Figura 5

Nas follas de ruta incluíase unha táboa de números aleatorios que debían determina-la forma de selección das vivendas¹⁰. As

¹⁰ O eixo horizontal da táboa mostra unha sucesión numérica do 1 ó 15 que representa a secuencia ordinal das 15 entrevistas a realizar, como máximo, en cada ruta. Pola súa parte, o eixo vertical mostra unha sucesión numérica do 1 ó 10 que representa os diferentes valores hipotéticos que poden acadar as tres variables utilizadas sucesivamente na selección da última unidade mostral:

- Nº de andares do edificio.
- Nº de portas en cada andar.
- Nº de individuos en cada domicilio.

Referíndonos agora ás dúas primeiras, diremos que, con estes datos, a mecánica de selección era a que segue:

a) Selección do andar: realizábase cruzando o número de orde da entrevista na ruta co número de andares habilitados como vivendas do edificio.

b) Selección da porta: realizábase cruzando o número de orde da entrevista na ruta co número de portas do andar seleccionado. Se as portas non estaban numeradas alfabeticamente (numeración que respectabamos), numerábasas do 1 en diante e de esquerda a dereita.

En caso de non poderse realiza-la entrevista no domicilio seleccionado, intentábase no que o seguía inmediatamente na orde de selección; de non poder ser no andar seleccionado, intentábase no inmediatamente superior. Dado que non se podía retroceder no ciclo de selección, só no hipotético caso de esgotar por riba os posibles domicilios dun edificio a partir do primeiro seleccionado, podía abordarse o primeiro domicilio do primeiro andar que por baixo estivese habilitado como vivenda, e así sucesivamente ata chegar a aquel primeiramente seleccionado; se nese caso non se podía realizar ningunha entrevista, procedíase á substitución do edificio.

En cada edificio só podía facerse unha entrevista, a menos que tivese máis de 6 andares. Nesta eventualidade o edificio dividíase en dúas metades de xeito que se o número de andares era impar, o sobrante atribuíase á parte máis baixa; neste momento seleccionábase a primeira entrevista usando a táboa como se o edificio tivese só o número de andares resultante da división. Para a segunda entrevista considerábase na táboa o total de andares.

De xeito análogo á de andares e portas, a selección dos individuos realizábase cruzando o número de entrevista na ruta co número de habitantes do domicilio seleccionado que, como se dixo, consta na táboa. Os individuos numerábanse en orde decrecente de idade -a igual idade dábanlles prevalencia ós homes. A selección restrinxíase ós individuos que pernoctaron a noite anterior e que, previsiblemente, o farían a seguinte; que eran residentes no concello e que estaban no límite de idade que interesaba ó estudio.

entrevistas realizadas debían ir cubrindo a mostra asignada á ruta tanto en número coma na súa distribución por idade e sexo; a inadecuación entre individuo/-s seleccionado/-s e mostra implicaba a substitución do/-s primeiro/-s.

A aplicación do cuestionario realizouse no mesmo domicilio do entrevistado¹¹. Entrevistouse só unha persoa en cada endezezo, o que deu lugar a que nalgúns concellos fose imposible completa-la mostra inicial. As unidades restantes foron reasignadas ata completa-la mostra global. O traballo de campo desenvolveuse, como dixemos anteriormente, no período que vai de abril a setembro de 1992.

Só tres eventualidades podían explica-la imposibilidade de realizar entrevistas¹²: a negativa a colaborar, a inadecuación entre mostra e individuos seleccionados e a ausencia de contacto (vivenda deshabitada, habitantes ausentes, etc.). Cando era así, debíanse substituír por outras, o que se indicaba na *folla de ruta*¹³.

¹¹ Non estimamos conveniente face-las entrevistas nin localiza-los entrevistados en establecementos comerciais, bares, etc., nin os tivemos en conta á hora de segui-la folla de ruta.

¹² Neste punto cómpre clarificar que podería acontecer que no momento preciso da abordaxe do domicilio non fose posible a realización da entrevista; nese caso concertábase a súa realización para un momento ulterior e o desenvolvemento da ruta continuábase, considerando esa entrevista a efectos de selección como realizada. A entrevista debía realizárselle ó suxeito seleccionado; se non era posible substituíase polo inmediatamente superior. No caso hipotético de esgota-los individuos, procedíase sucesivamente, de xeito análogo á selección de domicilios, a partir do número 1 ata chegar ó primeiramente seleccionado. Se nese punto non era posible realiza-la entrevista, o domicilio debía ser substituído.

¹³ A folla de ruta é unha ferramenta que serve para controlar se os entrevistadores seguiron a mecánica establecida, xa que nela reflicten o proceso de selección. Nela aparecen os datos referidos á selección de entrevistas efectivamente realizadas (non fallidas) e ó número de rexeitamentos:

- Número de orde da entrevista na ruta.
- Enderezo completo onde se realizou a entrevista: rúa, praza ou lugar, número do edificio, andar e porta onde está o domicilio.
- Número de andares do edificio seleccionado.
- Número de portas no andar seleccionado.
- Número de rexeitamentos: isto é, só negativas a colaborar desde a primeira selección feita para a realización desa entrevista ata a súa realización efectiva.

Ademais destes datos, na folla de ruta consta como encabezamento o concello e a provincia nos que se realizaron as entrevistas, o número de ruta e folla, a identificación do entrevistador e o punto de partida da ruta. Inclúe tamén a táboa de números aleatorios usada para a selección.

As follas de ruta debían ser entregadas ó gabinete, cubertas na súa totalidade e adxuntas ás entrevistas -ordenadas numericamente- que conforman a ruta.

1.4. Depuración do traballo de campo

O deseño do cuestionario e o da mostra son piares fundamentais para calquera investigación deste tipo, pero teñen que ir acompañados, durante e despois da realización das entrevistas, dun seguimento serio da validez das mesmas, depurando aquelas que por diversas razóns sexan (total ou parcialmente) inadecuadas. A supervisión levárona a cabo a empresa concesionaria da investigación, *Obra-doiro de Socioloxía, S.L.*, e os membros do *Seminario de Sociolinguística, in situ* ou mediante comprobación telefónica e filtros informáticos, seleccionando aleatoriamente as rutas e os cuestionarios que debían ser validados. Ademais de facer un seguimento da aplicación do traballo de campo, comprobouse se a aparente incoherencia entre respostas era debida ó entrevistado ou ó entrevistador, e corrixiéronse os erros de cobertura (é dicir, aquelas respostas que non procedían polas condicións sociolóxicas do entrevistado ou pola resposta que este dera a preguntas anteriores). A contradicción entre respostas só nos interesou cando revelaba fallos no procedemento da entrevista (se se fixo a quen non se debía, se non se fixo adecuada ou totalmente, etc.): o entrevistado pode non ver contradictorios algúns dos contidos por el expresados aínda que a nós nolo parezan. O proceso de depuración debía garanti-la bondade dos datos que íamos manexar, polo que as súas fases foron deseñadas coidadosamente. Os aspectos que se pretendían verificar eran os seguintes: adecuación á mostra, cumprimento da metodoloxía deseñada para a cobertura do cuestionario e coherencia da información. Incluímos na depuración a codificación dalgunhas preguntas e datos de clasificación. A figura 6 mostra un esquema-resumo do proceso seguido na depuración e supervisión das entrevistas.

Os procesos de depuración da empresa de consúlting constaron de cinco fases:

1. Predepuración: nesta fase verificouse a pertinencia mostral, é dicir, a correspondencia en cada ruta entre mostra teórica e mostra real.
2. Codificación de cabeceira e preguntas abertas: nesta fase codificáronse aqueles aspectos que debían ser recollidos con código numérico e que non o foron durante a entre-




Figura 6

vista: código de provincia, de concello, de hábitat de nacemento e de residencia e a profesión do entrevistado.

3. Verificación básica: afecta a cuestións tales como a cobertura a lapis, a lexibilidade dos datos textuais e a correcta localización dos códigos nas caixas.
4. Verificación de grafo: comprobouse que non faltaban respostas en ningún caso, a pertinencia de certos códigos de resposta coas dadas noutras preguntas, a linealidade e conveniencia do salto entre certas preguntas do cuestionario e a cobertura dos datos de control (día e hora da entrevista, para posteriores comprobacións).
5. Verificación de coherencia: comprobouse que as respostas ás diferentes preguntas eran coherentes entre si (xa antes nos referimos ó tipo de coherencia que nos interesa). Así, os menores de 25 anos non deberían contestar a pregunta de qué falaba a partir dos 31 anos, ou os que din non ter estudos non deberían contestar preguntas referidas á súa vida escolar.

Esta supervisión de coherencia foi tamén realizada cun filtro informático, que ademais corruxía erros cometidos durante a gravación dos datos en soporte magnético.

A detección de erros levaba consigo na maioría dos casos a devolución e repetición do traballo. Se a persoa encargada da supervisión positiva o consideraba necesario, podía destinalos cuestionarios que conforman unha ruta á supervisión de reforzo.

Ademais da supervisión realizada pola empresa de consulting durante e despois da realización das entrevistas, o *Seminario de Sociolingüística* realizou unha propia, que se centrou en:

- Comprobación *in situ* das rutas realizadas, da duración das entrevistas, etc.
- Comprobación telefónica de entrevistas e rutas escollidas ó azar.
- Comprobación da coherencia entre algunhas respostas.

Na comprobación *in situ* e telefónica facíanselle algunhas das preguntas ó entrevistado para comprobar se a resposta recollida se correspondía coa dada. Ademais, pedíase a súa opinión sobre o inquérito a fin de mellorar no posible a súa realización. Cando se detectaban erros, comunicábase á empresa coa finalidade de que esta os subsanase.

A depuración prolongouse durante os cinco meses da fase de entrevistas e catro meses máis (mentres correccións manuais posteriores, a tabulación dos datos e as primeiras análises revelaban erros non detectados anteriormente).